



Mini e Mero durante un concerto

—Cal foi o motivo da elección de donar ao Museo do Pobo Galego o arquivo, e non por exemplo ao Arquivo Sonoro de Galicia ou a outra institución?

Mero: —As razóns son varias:

Puxéronse á fala connosco, interesados xa non nos mesmos arquivos, senón en recuperar e que non se perdesen aqueles que por estaren gravados xa hai bastante tempo, podían estar deteriorados precisando unha urxente dixitalización e limpeza. De tal xeito que isto foi o primeiro que nos ofertaron, a súa recuperación. Amén do exposto hai outra razón de seguridade: o Museo do Pobo Galego non atende a socilacións de calquera tipo, está suxeita unicamente ao interese divulgativo da cultura e a tradición galegas ao longo do tempo.

Mini: —Abondando no dito por Mero, a proposta do M. Do Pobo Galego vai máis alá. Pretende poñer dun xeito real estas gravacións a disposición de toda a xente, coma se fose unha biblioteca de consulta e a nós parécenos algo necesario, urxente e o desexo non só noso, coma recopiladores, senón que pensamos que os informantes a quen lles debémo-lo material estarían conformes ó cento por cento. A todo isto vaise tentar de que esteña todo colgado en internet para que a consulta sexa máis

REDACIÓN
TEXTO
A. DEL MORAL
ARQ. ILA
FOTOS

10

|||
nazon

HISTORIA VIVA DA MÚSICA GALEGA **Mini e Mero**

Os músicos lugueses Mini e Mero, fundadores de «Fuxan os Ventos» e músicos na actualidade do grupo A Quenlla, veñen de donar o seu arquivo musical ao Museo do Pobo Galego.



B. Iglesias (Mero)

universal.

O Arquivo Sonoro de Galicia non fixo ningunha oferta neste sentido, que nós lembremos, que poidese terse considerada.

—A donación que rematan de facer dos arquivos de recolleita o Museo do Pobo Galego, que tempo abrangue?

Mini e Mero: —Abrangue todo o material e soportes de audio, vídeo e anotacións escritas (nas que se inclúe un copleiro de moitos miles de cántigas, romances e historias, gravacións de instrumentos, pezas de gaita, estudos e recollas feitos con alumnos e alumnas, denominacións e microtoponimia, lendas e contos, refráns, costumes, meigallos, gastronomía, ditos, oracións, etc.) desde os principios dos anos 70 ata hoxe que aínda seguimos a recoller cando podemos.

—Inclúense nestes arquivos todo o seu labor de recolleita dende cando estaban en Fuxan os Ventos?

Mero: —Pois si, aparecen pezas que mesmo foron gravadas por Fuxan os Ventos (A Muíñada, foliada de Olas, Dáme Lume... e mesmo anacos de pezas como o comezo de Muller. Tamén están moitas das que foron gravadas por A Quenlla (O Manuel do Campo, Taranchoño, Maripepa...). Loxicamente o arquivo

tiña que funcionar tamén para ser divulgado en directo e contextualizando as pezas.

Mini: —Os arquivos de Mero, Mato e meu estaban ó dispor de Fuxan, e deles saen a totalidade das cancións tradicionais que interpretábamos, o mesmo que moitas das melodías que logo eran desenvolvidas e que facían composicións novas. Máis tarde na Quenlla acontece o mesmo

—Qué porcentaxe dos temas dos seus arquivos son inéditos?

Mero: —Dos meus arquivos, hai case un 80% de soportes que só foron esculcados para saber do seu estado e que non puideron ser debidamente revisados para a análise polo miúdo, por falla de tempo e de dedicación. O urxente, para min, era recoller antes de non ter, logo xa se estudarían.

Mini: —Do meu arquivo tamén a meirande parte é inédito, dentro do inédito que pode ser a música tradicional e todo o que concirne á etnomusicoloxía, pois son temas que se repiten por todo o País e que foron recolleitos por outros recopiladores con variantes e aspectos distintos. A algúns recopiladores démoslles nós os nomes e enderezos e abrímoslle-las portas dos nosos informantes.

—Cal é o soporte no que están, gravacións de audio, partituras, audiovisual?

Mero e Mini: —En partituras hai as que conseguimos recuperar e moitas das pezas traballadas polo grupo A Quenlla. As outras informacións están en gravacións de audio, de vídeo, e en soporte de papel. A meirande parte do material está en soporte de audio, principalmente en cintas casetes, aínda que hai tamén en minidisc nos derradeiros anos, e en anotacións. Pensemos que non era fácil ter unha cámara de fotos e xa non digamos material co que filmar. Falamos que o groso do material corresponde ós anos que van dende o 70 ó 90.

—A este arquivo que rematan de donar pódese acceder xa, ou haberá que agardar un tempo a que estea todo ordenado e inventariado?

Mero e Mini: —Haberá que agardar bastante tempo, canto menos mellor, Pero é porque estamos a falar de moito material. Todo debe ser recuperado no mellor formato e con claridade e precisando dos estudos previos antes de que poida dar lugar a confusións ou interpretacións deficientes. É triste que este traballo non fose feito dun xeito institucional

hai anos e coa meirande parte dos arquivos particulares que hai polo País, pero a catividade das institucións durante anos levounos a esta situación lamentable.

—Vostedes que coñecen os arquivos que é o máis destacable dos mesmos?

Mero e Mini: —Fundamentalmente está a memoria de moitos informantes que xa morreron e que nos deixaron a proba de ser unha xeración encomiable pola súa resistencia cultural e amor a Galiza e á súa cultura oral, á súa tradición. Hai moita memoria musical e tradicional. É unha memoria que perfila aínda máis a nosa orixe e como, en tempos de serias dificultades e de opresión, puidose manter ergueita a nosa dignidade como pobo perfectamente diferenciado e con cultura íntegra de seu.

—Que porcentaxe dos arquivos teñen utilizado Fuxan os Ventos ou A Quenlla?

Mero e Mini: —Non facemos cálculos deses. Sabemos que os nosos arquivos estiveron, estando en Fuxan, ao servizo de Fuxan; e agora na Quenlla, con maior motivo, ao servizo da Quenlla.



X.L. Rivas (Mini)